



CONCELLERÍA DE BENESTAR SOCIAL

Ordenanza municipal do Servizo de Axuda no Fogar

ÍNDICE DE CONTIDOS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

CAPITULO I: DISPOSICIÓN XERAIS.

CAPITULO II: DA PRESTACIÓN DO SERVIZO.

SECCION 1ª: DO EQUIPO PROFESIONAL.
SECCIÓN 2ª: DO CONTIDO DO SERVIZO.

CAPÍTULO III: CARACTERÍSTICAS DO PROGRAMA.

CAPITULO IV: PROCEDIMENTO.

SECCIÓN 1ª: SOLICITUDE, DOCUMENTACIÓN, PRESENTACIÓN, VALORACIÓN E RESOLUCIÓN.

SECCIÓN 2ª: PROCEDEMENTO ESPECIAL DE URXENCIA.

SECCIÓN 3ª: DAS LISTAS DE ESPERA.

SECCION 4ª: DA MODIFICACIÓN E EXTINCIÓN.

SECCIÓN 5ª: DA SUSPENSIÓN TEMPORAL DO SERVIZO.

SECCION 6ª: DA DENEGACIÓN DO SERVIZO.

SECCION 7ª: DO REXIME SANCIONADOR.

SECCIÓN 8ª: DO FINANCIAMENTO DO SERVIZO.

DIPOSICIÓN ADICIONAL DEROGATORIA.

DIPOSICIÓN FINAL.

ANEXOS.

ORDENANZA MUNICIPAL DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

EXPOSICION DE MOTIVOS

A lei 7/1985 de 2 de abril reguladora de Bases de Réxime Local atribúe as competencias en materia de Servizos Sociais ós Concellos e, concretamente, o artigo 25.2k establece que éstos exercerán, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas en materia de



CONCELLERÍA DE BENESTAR SOCIAL

prestación de servizos sociais e de promoción e reinserción social, e, no seu artigo 26.1 c establece para os Concellos de máis de 20.000 habitantes, a obrigatoriedade desta prestación.

A lei 13/2008 de 3 de decembro de Servizos Sociais de Galicia regula o dereito de todas as persoas ós servizos sociais, correspondéndolles ós poderes públicos garantir este dereito, posibilitando así que as liberdades e iguais entre individuos sexan reais e efectivas, tal e como consagra a propia Constitución Española.

No artigo 4 establece os principios polos que se ten que rexir o Sistema Galego de Servizos Sociais e, de entre eles destacamos o **principio de autonomía persoal e vida independente**, así o seu tenor literal é o que segue: “*é obriga dos poderes públicos facilitar os medios necesarios para que as persoas dispoñan das condicións máis convenientes e dos apoios necesarios para desenvolver os seus proxectos vitais, dentro da unidade de convivencia que desexen, segundo a natureza dos servizos, segundo a súa idoneidade e as condicións de utilización deles, e sempre co respecto á libre decisión das persoas*”. Neste senso, respecto ó **principio de integración e normalización** “*no desenvolvemento dos servizos sociais tenderase ó mantemento das persoas no seu entorno persoal, social e familiar, procurando a súa inserción social e sen menoscabo do dereito á diferenza.*”

No artigo 20.1d da citada lei define o **Servizo de Axuda no Fogar** como un conxunto de actuacións dirixidas a persoas ou familias no seu propio domicilio para facilitar o seu propio desenvolvemento e a permanencia no seu contorno habitual; o artigo 11.f establece que é función dos servizos sociais comunitarios básicos a xestión da axuda no fogar e na Orde de 22 de xaneiro do 2009 regula este servizo e, obriga ás Entidades Locais a reaxustar as súas respectivas Ordenanzas reguladoras.

Coa entrada en vigor a lei 39/2006 de Promoción da Autonomía Persoal e Atención a persoas en situación de Dependencia, onde establece no seu artigo 12 que “*as Entidades Locais participarán na xestión dos servizos de atención ás persoas en situación de dependencia, de acordo coa normativa das súas respectivas Comunidades Autónomas e dentro das competencias ca lexislación vixente lles atribúe*”, así como a normativa de carácter autonómico, Orde de 17 de decembro do 2007 pola que se establecen os criterios para a elaboración do Programa Individual de Atención, fixación das intensidades de protección dos servizos, réxime de incompatibilidades das prestacións e xestión das prestacións económicas do sistema para a autonomía e a atención á dependencia na Comunidade Autónoma de Galicia, por todo isto, precísase dispoñer dun novo marco regulador do Servizo de Axuda no Fogar en relación ós contidos básicos, ás prestacións, ós procedementos administrativos e de valoración para o acceso e á adxudicación, cunha diferenciación nas modalidades de acceso ó SAF que establezca ó mesmo tempo, os criterios de participación económica das persoas usuarias no financiamento do servizo.

En consecuencia e coa finalidade de garantir unha equidade, calidade e intensidade homoxéneas nos tipos de atención e os criterios de participación económica das persoas usuarias, o Concello de Ourense, de conformidade e co marco normativo referenciado que confire ós Concellos a potestade regulamentaria, e de autoorganización dentro da esfera das súas competencias, regula os requisitos e condicións da prestación do Servizo de Axuda no Fogar Municipal, a través da presente Ordenanza.

CAPITULO I **DISPOSICIÓNS XERAIS**

ART. 1. CONCEPTO

O Servizo de Axuda no Fogar (S.A.F.) regulado na presente Ordenanza ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio dende unha perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desestructuración familiar.



CONCELLERÍA DE BENESTAR SOCIAL

O Servizo de Axuda no Fogar é un Servizo Público que terá a consideración básica de Servizos Sociais de Atención Primaria incluído no sistema integrado de Servizos Sociais, de carácter complementario e transitorio, con planificación, coordinación e control público.

Este servizo non pode entenderse únicamente como un conxunto de prestacións domésticas, senón e prioritariamente como Atencións Persoais relacionadas coas limitacións das persoas para a súa vida diaria.

ART. 2 DEFINICIÓN

O S.A.F. é unha prestación básica dos Servizos Sociais Municipais de natureza preventiva, educativa, asistencial e rehabilitadora, dirixido cara o conxunto da poboación que conta con limitacións para a cobertura das necesidades básicas ou nos casos de desestructuración familiar no seu medio habitual. Ofrece dende unha perspectiva integral e normalizadora unha serie de Servizos de carácter individual, podendo ser de carácter temporal ou permanente en función de cada situación, procurando a mellor integración da persoa no seu contorno, ou incrementando a súa autonomía funcional, e melloral a súa calidade de vida e evitala institucionalización.

Así mesmo, é un Servizo que non substitúe á familia nas responsabilidades de atención ós beneficiarios e pretende potenciar as capacidades das persoas para facilitar e promover a súa autonomía.

O Servizo de Axuda no Fogar ten as seguintes características:

- a) É preventivo e dinámico, compe facer un seguimento coa finalidade de adquirir hábitos positivos.
- b) Priorízase a necesidade da persoa (física, psíquica ou socioeconómica)
- c) É rehabilitador, en canto que pretende recuperar e reforzar a capacidade de autonomía persoal.
- d) Favorece a permanencia no medio habitual.
- e) É polivalente, en canto que implica intervencións diversas e atende situacións conflictivas e /ou carencias complexas e heteroxéneas.
- f) É transitorio, en canto que se dirixe á superación das dificultades e actúa con maior ou menor intensidade en función da modificación das necesidades. É temporal, ten un principio e un fin nas prestacións do servizo, en función da valoración do profesional e da vontade do usuario.
- g) É unha modalidade de axuda, e é discontinuo, a atención que se presta ó usuario/familia non cubre as 24 horas do día.
- h) É un servizo que se presta no fogar.
- i) É un servizo para facer fronte ás necesidades da vida cotiá.
- j) É un servizo que implica ó usuario no programa.
- k) É un complemento doutros recursos.

ART. 3 OBXECTIVOS

Podemos destacar como obxectivos destacados do S.A.F.:

- a. Manter e desenvovela autonomía das persoas con dependencia para que poidan seguir vivindo no seu fogar o maior tempo posible.
- b. Traballar cambios conductuais nas persoas atendidas para a consecución de melloras na súa calidade de vida.
- c. Facilita a realización de tarefas e actividades que non poidan realizar por si soas, sin interferir na súa capacidade de decisión.



CONCELLERÍA DE BENESTAR SOCIAL

- d. Concienciar os usuarios para o desenvolvemento de hábitos saudables na alimentación, na hixiene e no seu modo de vida.
- e. Potenciar o desenvolvemento de actividades de ocio e tempo libre no propio fogar e no contorno comunitario, dentro das posibilidades de cada persoa.
- f. Colaborar coas familias nos casos en que estas non poidan atender tódalas necesidades do usuario. Así como, atender situacións conxunturais de crise persoal e familiar.
- g. Potenciar as relacións sociais estimulando a comunicación co exterior para paliar problemas de aillamento social.
- h. Mellorar o equilibrio persoal do usuario, da súa familia e do seu entorno a través do reforzamento dos vínculos familiares, veciñais e de amizade.
- i. Fomentar os pensamentos positivos ante a vida, eliminando así pensamentos e actitudes autocompasivos.
- j. A promoción de formas de apoio social comunitario de tipo voluntario que contribúan ó acompañamento de persoas atendidas.
- k. Prever situacións persoais e/ou sociais de risco:
 - Grave deterioro físico ou psíquico
 - A soidade ou aillamento
 - O risco de accidentes domésticos.

Estes obxetivos teñen como finalidade:

1. Mellorar as condicións de vida dos beneficiarios con dificultades na súa autonomía.
2. Potenciar alternativas ó internamento en centros residenciais.
3. Responsabilizar os familiares da situación de risco e necesidade do usuario
4. Atender de forma integral e polivalente ós usuarios.
5. Prever situacións de dependencia ou exclusión social
6. Reforzar a solidariedade e potenciar o voluntariado social.

ART. 4 DESTINATARIOS

O S.A.F. vai dirixido a tódala poboación, que polas súas carencias físicas ou mentais, socioeconómicas ou familiares, teñan seriamente limitada a súa autonomía persoal e a súa capacidade de relación social.

1. Poderán ser usuarios potenciais do S.A.F.Municipal os seguintes grupos:
 - a. Aqueles demandantes que se atopen empadroados no Concello de Ourense, cunha antigüidade de tres meses. Farase unha excepción con aquelas persoas que non cumpran coa premisa anterior sempre e cando se atopen nalgunha das seguintes circunstancias:
 - i. Persoa que por agrupamento familiar trasládase a Ourense e que no municipio de procedencia, era ata a data de traslado, beneficiario de axuda no fogar. No momento da solitude deberá empadroarse en Ourense e aportar o certificado dos servizos sociais do municipio de procedencia no que se faga constar o SAF que recibe.



CONCELLERÍA DE BENESTAR SOCIAL

- ii. Persoa que rota en domicilios de diversos municipios por motivos de apoio familiar e que no municipio onde está empadroada é beneficiaria do SAF, deberá aportar o certificado dos Servizos Sociais Municipais do municipio de procedencia onde se faga constar o SAF que recibe.
 - iii. Persoa que por agrupación familiar se traslade a este municipio e presenta unha situación de dependencia que xustifica o servizo, no momento da solicitude deberá empadroarse en Ourense.
- b. O SAF estará aberto a tódalas persoas ou unidades de convivencia no Concello de Ourense para as que, dacordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención.
 - c. Darase prioridade no acceso ó servizo ás persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do Sistema de Autonomía e Atención á Dependencia.
 - d. Familias ou persoas que presenten disfuncións que poidan ser susceptibles de mellora cunha adecuada atención a domicilio.
 - e. Persoas maiores, con certo nivel de dependencia que non teñan quen os atenda suficientemente e que con esta axuda, poidan continuar vivindo no seu fogar.
 - f. Persoas con deficiencias ou incapacitadas ás que a axuda a domicilio favoreza a súa autonomía.
 - g. Persoas afectadas por unha lesión, enfermidade física ou mental ou por outros motivos que lles faga precisar axuda.
 - h. Menores os que haxa que coidar ou atender por ausencia dos pais ou titores ou cando estes, por circunstancias provisionais de enfermidade ou outros motivos xustificadas, non poidan exercer as súas funcións.
 - i. Colectivos específicos que presenten situacións de risco e/ou exclusión social.
 - j. En xeral, cando exista unha desatención social ou familiar, avaliada tecnicamente, que xustifique a intervención do servizo.
2. Poderán ser beneficiarios do SAF aquelas persoas que teñan a resolución de recoñecemento da situación de dependencia, co correspondente grao e nivel, o abeiro da Lei 39/2006 do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e de Atención as Persoas en Situación de Dependencia, e que teñen a resolución do Programa Individualizado de Atención (PIA) onde se determina o Servizo de Axuda no Fogar.

ART.5: DEREITOS E DEBERES DOS USUARIOS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

5.1. DEREITOS DOS USUARIOS.-

As persoas usuarias do servizo, no marco dos dereitos que con carácter xeral recoñeceselle na lexislación aplicable sobre servizos sociais e, se é o caso, sobre o procedemento administrativo común, terán dereiro:

- a. A seren tratadas con respecto e profesionalidade, sen ningún tipo de discriminación.
- b. A recibir unha atención adaptada ás súas necesidades, coa calidade e duración prescritas en cada caso.



CONCELLERÍA DE BENESTAR SOCIAL

- c. O cumprimento das prestacións concedidas polos Servizos Sociais Municipais, polo que terá dereito a dispoñer doutro auxiliar do servizo de axuda no fogar no caso de que o/a auxiliar que iniciou o servizo teña que ausentarse do traballo por motivos xustificadas (enfermidade, vacacións, horas sindicais,...)
- d. A coñecer a organización e o regulamento do servizo.
- e. A contactar cos traballadores sociais dos Servizos Sociais Municipais e/ou da Entidade Prestadora do Servizo de Axuda no Fogar, cando o consideren convinte no seu horario laboral.
- f. A coñecer a situación do seu expediente.
- g. O tratamento confidencial dos seus datos de acordo co disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.
- h. A recibir información precisa e clara sobre as posibles modificacións sobrevidas durante a prestación efectiva do servizo.
- i. A solicitar modificacións ó Concello, si as necesidades aumentan ou diminuen.
- j. A presentar queixas e suxestións ó persoal coordinador do servizo cando expresen reclamacións ou suxestións sobre a súa prestación efectiva.

5.2. DEBERES DOS USUARIOS.-

As persoas usuarias do servizo, no marco dos deberes que con carácter xeral se contemplan no artigo 37 da lei 4/1993, de Servizos Sociais, terán os seguintes deberes:

- a. Respetalas normas e condicións establecidas, mediante acordo escrito no momento de concesión do servizo, como contido esencial deste, tales como tarefas que se vaian a realizar, horarios, período de duración, contribución económica ou similar, facilitando a execución das tarefas ó persoal a cargo e poñendo a súa disposición, se fora o caso, os medios necesarios.
- b. Cumprir coas condicións do servizo, facilitando a execución das tarefas ó persoal a cargo e pondo a súa disposición, se fose o caso, os medios materiais necesarios.
- c. Colaborar na medida das súas posibilidades, no desenvolvemento do servizo en función das súas capacidades e nos termos acordados en cada caso.
- d. A facilitar e colaborar no seguimento e avaliación do servizo.
- e. Informar dos cambios de calquera circunstancia que impliquen un cambio na súa capacidade económica, así como de circunstancias relevantes de carácter persoal ou familiar que poidesen dar lugar á modificación, suspensión ou extinción na prestación do servizo.
- f. Comunicar, en circunstancias ordinarias e previsibles, con dez días de antelación, calquera ausencia temporal do domicilio que poidese impedir a prestación do servizo.



CONCELLERÍA DE BENESTAR SOCIAL

- g. Participar no pagamento do servizo nos termos que se estableza na súa norma fiscal reguladora.
- h. O acompañamento ós centros de saúde farase coa participación activa da familia, pero se por algún motivo xustifico ten que acompañalo só a auxiliar en día e hora diferente ó servizo habitual, deberá informar da data coa máxima antelación posible ós traballadores sociais municipais ou da entidade prestadora do servizo.
- i. Permanecer no domicilio cando se desenvolva o servizo de axuda a fogar.
- j. Respetala dignidade persoal e profesional das persoas que presten o servizo, así como respetalos límites das súas obrigas laborais. Está prohibida a oferta de agasallos ou cartos ó persoal do servizo, así como, ter o teléfono particular destes profesionais.
- k. Calquera problema que teña con relación ó servizo debera comunicalo os traballadores sociais Municipais ou da entidade prestadora.
- l. O usuario comprométese ademáis, a que se realice o seguimento e control do desenvolvemento do servizo polo equipo técnico dos servizos sociais municipais, sempre que se garante o cumprimento do establecido na presente orde.
- m. O usuario, si ten animais de compañía, é o responsable dos coidados que precisa: comida, hixiene, paseos,... Se a presenza de animais no domicilio implica o non mantemento das condicións hixiénicas mínimas na vivenda, poderá ser motivo de suspensión, baixa ou denegación do servizo.

CAPITULO II DA PRESTACIÓN DO SERVIZO

SECCION 1ª: DO EQUIPO PROFESIONAL

ART. 6 PROFESIONAIS QUE INTERVEÑEN NO S.A.F.

No desenvolvemento da prestación deste servizo intervirán, nun primeiro nivel, os traballadores sociais das UTS e traballadores sociais do servizo de axuda no fogar, que desenvolveran unha labor de carácter técnico (diagnóstico, seguimento e avaliación), en coordinación cos profesionais do propio equipo ou en colaboración cos doutros servizos ou programas que pertencen a estes Servizos Sociais ou a outros servizos de protección social.

Nun segundo nivel intervirán os Auxiliares no Fogar como profesionais que se encargan da execución do servizo.

Entre estes dous niveis estableceranse liñas de coordinación, así como entre estes e os demais profesionais e voluntariado, que poderá colaborar de forma complementaria.

A xestión realizarase con financiamento público e planificación, coordinación e control da Entidade Local, realizándose a execución a través de entidades privadas, cooperativas, empresas e outras asociacións, mediante convenio ou fórmulas previstas na Lei de contratos das Administracións Públicas.

O Equipo básico que forma o S.A.F. está formado por:



CONCELLERÍA DE BENESTAR SOCIAL

- **Traballador/a Social:** será o profesional que reciba a demanda, sendo o responsable na realización do estudo e valoración do caso, o deseño do programa de intervención adecuado para cada caso, ademais da supervisión, seguimento e avaliación do proxecto.

A súa actuación constará de: un diagnóstico, unha planificación, unha execución do programa e unha avaliación.

Funcións:

- Estudio e valoración das necesidades e recursos da comunidade.
- Difusión e información sobre o servizo.
- Estudio das demandas de información e atención dos solicitantes, valoración da situación, deseño de proposta de intervención, cos obxectivos e a estratexia para seguir, movilizandoo e asignando os recursos necesarios.
- Estimular as responsabilidades dos familiares como cuidadores primarios e aumentala autoestima dos usuarios.
- Asignación e supervisión de tarefas.
- Formulación das propostas de ampliación, redución ou suspensión do servizo se fose necesario.
- Apoio e promoción da formación e reciclaxe do persoal relacionado co servizo.
- Avaliación e seguimentos dos casos atendidos.
- Coordinación do servizo coas asociacións, institucións, profesionais e voluntariado.
-
- **Persoal administrativo:** Desenvolverá as tarefas de carácter administrativo e de procedemento común dentro da Administración Local, así como, as organizativas derivadas do servizo.
- **Auxiliar do fogar:** será o/a profesional que desenvolverá as tarefas de carácter persoal, doméstico e de apoio á creación e mantemento de hábitos e capacidades, así como valorar e informar periódicamente da evolución da situación coa súa intervención continuada. No caso de atender a persoas afectadas por déficit de autonomía, deberá estar en posesión do título de formación profesional de grao medio de “atención sociosanitaria” ou equivalente, regulado polo Real Decreto 496/2003, de 2 de maio, ou en posesión do certificado de profesionalidade de “atención sociosanitaria a persoas no domicilio” ou equivalente, regulado no Real Decreto 1379/2008, de 1 de agosto, polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional de “servizos socioculturais e á comunidade”.

Funcións:

- Asistenciais, de atención persoal e domésticas
- De orientación en actividades da vida cotiá, favorecendo unha normalización no funcionamento do fogar.
- Educativas, potenciando o protagonismo do usuario, non substituíndolo naquelas tarefas que poida realizar por el mesmo e facilitándolle as canles de comunicación co seu contorno.
- De colaboración co traballador/a social na coordinación e avaliación do seu servizo.

Tarefas:

- As necesarias para levar a cabo as funcións anteriormente enumeradas, establecidas e supervisadas en cada caso, polo profesional ou o equipo responsable do Servizo de Axuda no Fogar.
- Este persoal formarase previa e especificamente para o desenvolvemento das súas funcións e tarefas, establecendo posteriormente un sistema de reunións



CONCELLERÍA DE BENESTAR SOCIAL

periódicas de avaliación e formación, nas que se vaian dando resposta ós problemas concretos que presente o servizo.

Exclúense das tarefas mencionadas, todas aquelas prestacións con carácter exclusivamente sanitario que requiran especialización, e que constitúan unha competencia propia dos recursos sanitarios.

- Naqueles casos que a prestación do servizo o requira, poderán intervir os seguintes profesionais:

- **Educador Social:** ten asignadas as tarefas de carácter educativo co usuario, a súa familia e o seu entorno, para a adquisición de bos hábitos e habilidades que contribúan á autonomía familiar do núcleo de convivencia.

Funcións:

Organización económica familiar
Planificación na hixiene familiar
Formación de hábitos convivenciais
Apoio a integración e socialización
Mellora da estrutura familiar.

- **Psicólogo:** intervirá naquelas situacións nas que se precise de apoio psicosocial. Tamén interactuará en actividades de apoio e orientación ós cuidadores e na formación permanente do persoal do servizo.
- **Terapeuta Ocupacional:** ocuparase de potenciar o desenvolvemento de actividades de restauración, mantemento ou incremental a autonomía persoal para acadar un mellor desenvolvemento das actividades da vida cotiá.
- **Enfermera/o:** intervirá colaborando con outras actuacións de outros profesionais a través de actividades interrelacionadas no ámbito socio-sanitario.
- **Voluntarios:** Aquelas persoas que actúan de forma solidaria, sen expectativas de remuneración económica, completando de forma coordinada as funcións e tarefas do persoal anteriormente relacionado. Polo seu carácter de relación interpersoal, de diversidade, de flexibilidade de horarios e dispoñibilidade de tempo de lecer, as tarefas que poderán desenvolver os voluntarios serán as de compañía, fomento de relacións e de comunicación e ocupación do tempo de lecer, tanto dentro como fora do fogar, e outras que contribúan ó fomento da autoestima. Para tal fin deberán ser formados convintemente.
- **Entidade adxudicataria:** Deberá contar con profesionais cualificados, entre os que terá que ter os seguintes:

Traballador/a Social, a ratio de persoal destes profesionais, deberá ser a lo menos dun traballador/a social a xornada completa por cada **100-150** persoas usuarias do servizo. Que terá entre outras as seguintes funcións:

- Programación e execución das propostas de intervención deseñadas para cada caso.
- Asignación e supervisión de tarefas.
- Control da xestión do servizo e dos profesionais que o desenvolven
- Estudo e análise de resultados
- Elaboración do Plan de Coidados



CONCELLERÍA DE BENESTAR SOCIAL

- Supervisión e control do seguimento de cada caso dando conta aos profesionais dos Servizos Sociais Municipais.
- Reunións periódicas cos profesionais dos Servizos Sociais de atención primaria do Concello.
- Prever situacións de marxinalidade e /ou illamento ou evitar que os problemas ou limitacións que presenten os usuarios xeren outros.
- Reforzar a formación e reciclaxe do persoal que fai o traballo domiciliario
- Informar das incidencias na prestación do servizo
- Favorecelo apoio social aos usuarios facilitando o labor dos voluntarios, fomentando o contacto co exterior.
- Deseñar e supervisar o labor dos voluntarios cando existan
- Realizar os informes sociais dos usuarios, cando así sexa preciso para a axeitada promoción de novas prestacións a particulares, a petición dos servizos sociais municipais.
- Emitilos correspondentes informes tanto de seguimentos, como os solicitados si as circunstancias fanno necesario. Os de supervisión e seguimento serán cada dous meses.

Auxiliar de Fogar, dependerán da entidade adxudicataria e deberán axustar o seu traballo as directrices dadas polos traballadores sociais da entidade correspondente.

- As actuacións deberán axustarse ó proxecto técnico establecido non recibirá nunca ordenes do usuario nin de familiares, senón do Concello e/ou da empresa adxudicataria do servizo. O auxiliar do SAF axustarase as normas detalladas no contrato e cando por calquera motivo a/o usuaria/o queira modificar algun aspecto do mesmo, deberá informarlle que ten que solicitar a modificación no Concello, onde se iniciarán as xestións oportunas que dean lugar no seu caso a modificacións na prestación.
- Calquera queixa ou suxestión do usuario respecto do servizo deberá poñelo en coñecemento do/a traballador/a social da entidade adxudicataria
- Non poder ser acompañado por ninguén alieo o SAF, cando accede o seu traballo. E nunca fará comentarios dos usuarios que afecten o seus dereitos.

SECCIÓN 2ª: DO CONTIDO DO SERVIZO

ART. 7 PRESTACIÓNS (ver Anexo I)

Ofrecen unha atención integral e polivalente ós usuarios que de resposta á totalidade das necesidades do individuo e nas que predomine o carácter educativo e preventivo de tódalas actuacións.

Estas actuacións divídense en:

A.- ACTUACIÓNS DE CARACTER DOMESTICO:

Engloban aquelas actividades e tarefas que se realizan de forma cotiá no fogar, destinadas a apoiar a autonomía persoal e familiar.

- Relacionadas coa alimentación:
 - Merca de alimentos.
 - Preparación dos alimentos no fogar.
 - Servizo de Xantar Preparado a Domicilio.
 - Traslado da mercadería ata o domicilio.



CONCELLERÍA DE BENESTAR SOCIAL

- Colaboración na colocación da merca.
- Relacionadas coa Roupa:
 - Lavado da roupa no fogar.
 - Tender e recollela roupa.
 - Pasalo ferro no fogar e fora del.
 - Costura reparadora.
 - Ordenala roupa.
 - Compra de roupa.
 - Outras análogas.
- Relacionadas có mantemento da vivenda:
 - Limpeza da vivenda.
 - Varrer.
 - Facer camas.
 - Pasar o aspirador.
 - Pasar a mopa.
 - Quitalo pó.
 - Fregar os cháns.
 - Limpalos cristais.
 - Limpeza de electrodomésticos: frigorífico, cociña, ...
 - Limpeza da cociña.
 - Limpeza do baño.

Todas elas terán un carácter complementario das propias capacidades do usuario ou doutras persoas do seu entorno inmediato.

Para a realización destas actuacións, o usuario deberá dispor ou proveerse dos medios necesarios. No seu lugar, os servizos sociais municipais poderán xestionar os recursos adecuados para que as devanditas actuacións poidan realizarse convintemente, tales como servizo de comidas a domicilio, lavandería e determinados equipamentos.

B.- ACTUACIÓNS DE CARACTER PERSOAL:

Son aquelas actividades e tarefas cotiás que recaen sobre o propio demandante do servizo, dirixidas a promover e manter o seu benestar persoal e social. Entre outras atopanse:

- Aseo e hixiene persoal.
- Axuda no vestir e no xantar.
- Compañía dentro e fora do fogar.
- Control na alimentación do usuario.
- Supervisión dos tratamentos médicos en coordinación cos equipos de saúde, administración do tratamento.
- Acompañamento para a mobilidade dentro do fogar.
- Acompañamento para xestións fora do fogar.
- Actividades de ocio dentro do fogar.
- Outras atencións de carácter persoal non recollidas nos apartados anteriores que poidan ser incluídas con carácter específico para conseguirla finalidade deste servizo.

C.- ACTUACIÓNS DE CARACTER PSICO-SOCIAL E EDUCATIVO:



CONCELLERÍA DE BENESTAR SOCIAL

Intervencións técnico–profesionais formativas e de apoio para o desenvolvemento das capacidades persoais, de afectividade, de convivencia e de integración na comunidade onde se desenvolve a vida do usuario, así como o apoio á estrutura familiar.

- Organización económica familiar.
- Planificación na hixiene familiar.
- Formación de hábitos convivenciais.
- Apoio á integración e socialización.

D.- AXUDAS TÉCNICAS E ADAPTATIVAS DO FOGAR:

Son aquelas xestións e actuacións que poidan ser necesarias, ben para a posta en funcionamento do servizo, ben para que continúe en condicións axeitadas ou para permitir, con apoio de novas tecnoloxías, unha atención inmediata en situacións de crise ou emerxencia, tales como a teleasistencia e outras actuacións encamiñadas a adecua a funcionalidade do fogar

Terá a consideración de Axuda Técnica específica a TELEASISTENCIA, que se define coma un Servizo de atención e apoio persoal e social que detecta determinadas situacións de emerxencia do usuario, garantindo a comunicación permanente co exterior. Este servizo artículase mediante a líña telefónica e con un equipamento de comunicacións especiais, permitindo cos usuarios ante situacións de emerxencia e o traveso dun dispositivo de fácil utilización, podan contactar de forma verbal có Centro, onde se atopa persoal cualificado para enfrentarse a calquer tipo de emerxencia plantexada. É un sistema deseñado para cumprir entre outros os seguintes obxectivos:

- A permanente conexión entre o usuario e a central do sistema.
- Intervención inmediata nas situacións de crises persoais, sociais ou médicas.
- O apoio inmediato o traveso da canle telefónica.
- A mobilización dos recursos necesarios que existan na súa zona.
- Servir de enlace entre o usuario e o entorno familiar.
- A actuación no propio domicilio.

E.- SERVIZO DE COMIDAS NO FOGAR:

É unha prestación complementaria da Axuda no Fogar, pola que mediante persoal cualificado e supervisado préstase diariamente o xantar a persoas que pola súa especial situación así o requiran.

CAPÍTULO III

CARACTERÍSTICAS DO PROGRAMA

ART. 8: COMPATIBILIDADE E INCOMPATIBILIDADE

Este programa é incompatible coa percepción de prestacións económicas ou servizos do Sistema Galego de Atención á Dependencia; a excepción do Servicio Complementario de Respirio.



CONCELLERÍA DE BENESTAR SOCIAL

Este programa é compatible con calquera servizo ou prestación do Sistema Galego de Servizos Sociais, sempre e cando cumpra cos requisitos establecidos en cada un deles.

ART. 9: INTENSIDADE NA PRESTACIÓN DO SERVIZO.

Para determinar a intensidade do programa utilizarase o termo “horas de atención mensual” cuxo contido se establece nas atencións que se describen no proxecto de intervención.

As necesidades de atención axustaránse no posible as necesidades da persoa beneficiaria, neste senso poderase prestar en, varias franxas horarias ó longo do día, varias franxas intensivas ó longo da semana, unha única franxa diaria, etc...

As atencións mínimas serán de 30 minutos diarios.

Cando se necesiten dous auxiliares para a realización do servizo ó mesmo tempo, computarase o tempo de servizo cada unha das profesionais.

9.1.- S.A.F. BÁSICO:

A intensidade, será a prescrita polos Servizos Sociais, a duración máxima non superará as 30 horas mensuais e destas as tarefas domésticas non superarán en ningún caso as tres horas semanais. En situacións excepcionais valoradas favorablemente polo/a Traballador/a Social e co visto e praxe do Xefe/a de Servizo, poderá superar ese marxe ata un límite máximo de 40 horas.

A persoa beneficiaria, gardador/a de feito ou titor/a legal, poderá propor a modificación da intensidade, que en caso dunha valoración técnica positiva, deberá constar no seu proxecto de intervención.

A temporalidade no servizo ten unha duración definida, por un máximo dun ano, no seu proxecto de intervención.

As condicións do servizo de axuda no fogar quedarán reflexadas nun contrato efectuado entre Usuario-Concello-Entidad adxudicataria do servizo, sendo esta última a encargada de remitirlllo ó Concello.

Xunto có contrato (anteriormente citado) a entidade adxudicataria elaborará e remitirá o Concello o Plan de Intervención, baseado nos informes sociais dos técnicos municipais responsables do servizo de axuda no fogar.

9.2.-S.A.F. DEPENDENCIA:

A intensidade da axuda no fogar para aquelas persoas que accederon a través do S.A.A.D. será a establecida no seu Programa Individual de Atención.

A súa aplicación horaria será flexible, prestada de luns a domingo en horario diurno ou nocturno e conforme có proxecto de intervención, de maneira que, cando menos, se garante a cobertura das necesidades de atención de carácter persoal na realización das actividades básicas e instrumentais da vida diaria, en calquera caso a intensidade horaria se corresponderá coa seguinte táboa:



CONCELLERÍA DE BENESTAR SOCIAL

| GRAO E NIVEL DE DEPENDENCIA | GRAN DEPENDENCIA GRAO III | DEPENDENCIA SEVERA GRAO II | DEPENDENCIA MODERADA GRAO I Período de implantación no 2011-2014 |
|-----------------------------|---------------------------|----------------------------|---|
| NIVEL 2 | 90-70 H/mes | 55-40 H/mes | |
| NIVEL 1 | 70-55 H/mes | 40-30 H/mes | |

Poderáse realizar en horario diurno establecido sendo de 7:00 a 22:00 horas e horario nocturno de 22:00 a 7:00 horas, sin perxuízo do que dispoñan os convenios colectivos do sector respetando os respectivos convenios que sobre o sector se fixen.

A persoa beneficiaria, gardador de feito ou titor/a legal, poderá propor a modificación da intensidade, que no caso dunha valoración técnica positiva, deberá constar no seu proxecto de intervención que deberá notificarse ó órgano competente para dictar a resolución do Programa Individual de Atención.

A temporalidade do servizo é por tempo indefinido.

CAPITULO IV PROCEDEMENTO

SECCIÓN 1ª: SOLICITUDE, DOCUMENTACIÓN, PRESENTACIÓN, VALORACIÓN E RESOLUCIÓN

ART.10 SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN.

10.1. MODALIDADE DE ACCESO DIRECTO: SAAD.

No acceso directo ao servizo para as persoas usuarias con dependencia valorada, a resolución relativa ó Programa Individualizado de Atención (P.I.A.) terá a consideración de resolución de asignación e incorporación ó Servizo.

No obstante, o Técnico responsable do Servizo poderá solicitar a documentación necesaria o obxecto de completar ó expediente para o inicio da Prestación.

10.2. MODALIDADE DE LIBRE CONCURRENCIA: S.A.F.

1. Procedemento de Tramitación.

a) Lugar para a presentación de solicitudes.

O interesado poderá presentar a súa solicitude no Rexistro Xeral de Entrada do Concello, así como, nos Rexistros Auxiliares que puideran existir, de acordo co art. 38 da Lei 30/1992 de 26 de novembro sobre o Réximen Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

b) Contido da solicitude.

1. Nome e apelidos do interesado ou, no seu caso, o da persoa que o represente, así como o domicilio ou lugar que se sinala a efectos de recibir notificacións, sempre que se sinalara outro distinto o que figura na instancia como domicilio.
2. D.N.I. e teléfono.



CONCELLERÍA DE BENESTAR SOCIAL

3. Feitos, razóns e motivos nos que se base a petición, expresados con total claridade.
4. Lugar e data.
5. Sinatura do solicitante ou da persoa que o represente.

Non obstante o manifestado, os interesados, poderán utilizar os modelos normalizados que o Concello poda confeccionar ó efecto.

c) Documentos a aportar

Necesariamente deberá aportarse a seguinte documentación:

1. Fotocopia do D.N.I. do solicitante.
2. Fotocopia de Tarxeta Sanitaria
3. Fotocopia do Libro de Familia
4. Fotocopia da Declaración da Renda do último exercicio do interesado, ou da unidade familiar, según proceda. No suposto de non vir obrigado a declarar, o solicitante deberá presentar certificación negativa expedida pola Delegación da Axencia Tributaria.
5. Informe médico acreditativo do estado de saúde do interesado e/ou no seu caso, do ou dos integrantes da Unidade Familiar que padezcan problemas de saúde.
6. Fotocopia do contrato de aluguer da vivenda que ocupa ou Copia da escritura de constitución da hipoteca que pese sobre a vivenda, no suposto de que o solicitante fora propietario do inmovible, neste caso aportara certificación do banco ou entidade bancaria no que conste o titular do préstamo, a cuantía do mesmo e prazo da hipoteca.
7. Fotocopia da Contribución
8. Xustificante de ingresos (Prestacións, pensións, nóminas, outras rendas de cada un dos membros da unidade de convivencia) expedido polo organismo ou administración competente.
9. Certificado de Base Imponible (autónomos)
10. Valoración de Cualificación de Minusvalía.
11. Fotocopia da solicitude da Lei da Dependencia.

Esta documentación ten carácter de básica, podendo o técnico responsable do Servizo esixir o aporte de calquer outro documento, si así o estimara conveniente ou necesario.

ART. 11. PRESENTACIÓN

11.1 MODALIDADE DE ACCESO DIRECTO: SAAD

Iniciarase unha vez recibido o recoñecemento a través do Sistema de Autonomía e Atención a Dependencia de Galicia (SAAD)

11.2 MODALIDADE DE LIBRE CONCURRENCIA: S.A.F.

a) O procedemento iniciarase a instancia de parte, de conformidade cos principios xerais recollidos na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réximen Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.



CONCELLERÍA DE BENESTAR SOCIAL

b) Cando as circunstancias debidamente acreditadas no expediente, así o xustificuen, o procedemento de acceso ó servizo poderá iniciarse de oficio.

ART.12 VALORACIÓN.

12.1. MODALIDADE DE ACCESO DIRECTO: SAAD.

1. Ter a resolución emitida polo Órgano competente da Administración, ó abeiro da Lei 39/2006 do 14 de decembro de Promoción da Autonomía Persoal e de Atención as Persoas en Situación de Dependencia, do recoñecemento de grao e nivel de dependencia e a resolución do Programa Individualizado de Atención (PIA) onde se determine o Servizo de Axuda no Fogar.
2. Compete ós Técnicos de Servizos Sociais Municipais operativizar técnica e intensidade establecida no seu P.I.A. a través dun Proxecto de Intervención Individual, acordando co Beneficiario, Gardador de Feito, Titor ou Representante Legal tarefas e obxectivos do Programa, de ser o caso.

12.2. MODALIDADE DE LIBRE CONCURRENCIA: SAF.

Basearanse en indicadores flexibles que permitan considerala valoración e necesidades realizadas polo profesional, tendo en conta:

- a) Autonomía persoal para a realización de actividades da vida cotiá, segundo os niveis de dependencia ou das necesidades derivadas de deficiencias de saúde física ou mental.
- b) Situación socio-familiar, establecendo os graos nos que a familia ou outras persoas do contorno do posible usuario o axuden ou o poidan axudar.
- c) Situación socio-económica da unidade de convivencia, tomando como base a renda mensual dispoñible, seguindo a Ordenanza Fiscal que regula a Taxa do servizo.
- d) Os solicitantes non poderán superar os 60 puntos no Índice de Barthel.

O nivel de ingresos influirá a hora de determinala participación da persoa beneficiaria no coste do Servizo pero non no acceso ó mesmo.

Os usuarios colaborarán, en función das súas posibilidades, según a ordenanza fiscal vixente, clasificándose en distintos grupos:

1. Exentos de pago
2. Pagamento porcentual

Se dará prioridade na prestación a aquelas solicitudes para a realización da Atención Persoal do usuario.

As solicitudes dos particulares para acceder ó servizo deberán ser valoradas en todo caso por un traballador ou traballadora social dos Servizos Sociais de Atención Primaria do Concello, que unha vez realizada a correspondente visita domiciliaria, determinará mediante informe preceptivo e vinculante, a idoneidade do servizo, así como a intensidade recomendable para cada caso concreto.



CONCELLERÍA DE BENESTAR SOCIAL

ART. 13: RESOLUCIÓN.

Valorada de forma positiva a incorporación ó Servizo, e unha vez realizado o informe xurídico preceptivo onde constará a proposta provisional de concesión do mesmo, elevarase ó Concelleiro/a de Benestar Social quen resolverá a aprobación ou denegación do Servizo.

No caso de que a resolución fose positiva notificarase ó interesado e á empresa adxudicataria, procedendo ésta a alta efectiva do usuario

No caso de que a resolución resolverse a denegación de acceso ó servizo deberá ser motivada e, sólo procederá cando se acredite o incumprimento dos requisitos esixidos na presente ordenanza ou outras causas excepcionais debidamente acreditadas.

Unha vez notificada a resolución de concesión do servizo, deberán acordarse entre os Servizos Sociais de Atención Primaria do Concello e a persoa usuaria as condicións básicas da prestación, que se substanciarán no acordo do servizo regulado no art. 12.4 da Orde (texto de 10/11/08) de Servizo de Axuda no Fogar.

SECCIÓN 2ª: PROCEDIMIENTO ESPECIAL DE URXENCIA

ART. 14: PROCEDIMIENTO DE URXENCIA

No caso de extrema e urxente necesidade debidamente xustificada, mediante resolución motivada do Alcalde ou do membro da corporación local responsable en materia de servizos sociais, poderase iniciar de oficio a prestación do servizo de maneira inmediata, a proposta dos servizos sociais de atención primaria, e sen perxuizo da posterior instrucción do correspondente expediente.

Terá a consideración de urxente, a solicitude que requira unha resposta inmediata a unha circunstancia excepcional. A súa xustificación estará motivada por presentarse a necesidade de forma imprevista e súbita, ou en situación de risco, e terá validez só mentres se manteña a situación desencadenante. A desaparición desta levará consigo a extinción de carácter urxente do caso e pasará ó proceso ordinario de resolución da petición.

SECCIÓN 3ª: DAS LISTAS DE ESPERA

ART. 15: LISTAS DE ESPERA

Cando a demanda do servizo exceda das dispoñibilidades orzamentarias, crearase unha lista de espera pendente de resolución, a inclusión no servizo producirase por substitución de baixas rexistradas, atendendo en primeiro lugar ó criterio de urxencia pola situación de necesidade de cada caso e en segundo lugar pola orde temporal da demanda.

No suposto de que un solicitante supere os seis meses na lista de espera, o a data de solicitude non se corresponda có mesmo ano económico da previsible data de alta, antes de proceder a súa alta como usuario do SAF, será preceptiva unha nova avaliación da situación e requirirase a documentación oportuna.

En todo caso, o servizo concederase en función dos créditos dispoñibles neste Concello, para estas prestacións. Por iso, non bastará para recibilo servizo con que o solicitante reuna os requisitos e condicións sinaladas, se non que será preciso, ademais, que a súa solicitude poida ser atendida tendo en conta as dispoñibilidades orzamentarias existentes.



CONCELLERÍA DE BENESTAR SOCIAL

SECCION 4ª: DA MODIFICACIÓN E EXTINCIÓN

ART. 16: CRITERIOS DE EXTINCIÓN E MODIFICACIÓN DO SERVIZO.

1. Son causas da extinción do Servizo de Axuda no Fogar, as seguintes:
 - a) A renuncia da persoa usuaria, neste caso deberá asinar o usuario ou en quen delegue o documento de cesamento e quedará invalidada toda vinculación có Concello.
 - b) O cambio de programa individual de atención ou do proxecto de intervención que implique un cambio de asignación de recurso e a súa incompatibilidade có servizo de axuda no fogar.
 - c) Traslado definitivo da súa residencia a outro concello.
 - d) Falecemento da persoa usuaria.
 - e) Incumprimento reiterado dos deberes e obrigas establecidas para as persoas usuarias na prestación do servizo., fixadas no contrato.
 - f) A falta reiterada no pagamento do servizo.
 - g) Desaparición das causas que motivaron a prestación do servizo.
 - h) Ingreso en Residencia de Maiores.
 - i) A devolución de dúas cotas mensuais consecutivas ou tres alternas por causa imputable ao usuario.

